

## **Os socialistas e UUAA alertan de que máis de 3.000 gandeiros e produtores da Terra Chá perderán case o 9% das axudas da PAC en 2014**

Os secretarios provincial e de Medio Rural, a coordinadora de Unións Agrarias en Lugo e o voceiro municipal do PSOE en Vilalba, presentaron a xornada informativa *"O futuro de Lugo na Política Agraria Común 2014-2020"*, que se desenvolverá este xoves en Pastoriza e que contará coa presenza do secretario xeral de UUAA - Roberto García- e do líder dos socialistas galegos -José Ramón Gómez Besteiro-

Subliñan que os criterios de reparto de fondos desta política comunitaria, decididos por vez primeira entre o Estado e as Comunidades, "consolidan un modelo de dereitos históricos no que a Terra Chá, na que se atopa o 24,14% das explotacións da provincia, sae notablemente prexudicada", xa que, entre outros prexuízo, multiplicará por dous o risco de *dumping* no leite, con prácticas comerciais agresivas doutros países para gañar mercado

Lamentan "a cegueira política que padece a Sra. Conselleira e que lle impide recoñecer que as cifras reais dos fondos da PAC son un 13% inferiores aos do anterior exercicio", xa que España pasou de recibir 54.000 millóns de euros a 47.000 millóns. Neste contexto, engaden, "resulta cómico que se compare a situación do sector primario galego co francés, cando este último está en plena reformulación normativa, na que se algo se prima é a gandeiría e a defensa dos produtores como un activo fundamental para a economía do país"

**VILALBA, 19 DE MARZO.-** Os secretarios provincial e de Medio Rural -Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco-, acompañados da coordinadora de Unións Agrarias en Lugo -Verónica Marcos- e do voceiro municipal socialista de Vilalba -Eduardo Vidal- presentaron este mércores a xornada informativa *"O futuro de Lugo na Política Agraria Común 2014-2020"*, organizada polo Partido Socialista co obxectivo de dar resposta ás múltiples dúbidas que teñen os gandeiros e produtores da Terra Chá sobre o forte impacto que suporá a entrada en vigor da reforma nesta comarca, pois, segundo datos facilitados polo sindicato agrario, os máis de 3.000 gandeiros e produtores censados nesta zona perderán este ano o 9% destas axudas coa reforma da PAC.

Para elo, o encontro, que se desenvolverá este xoves, 20 de marzo, ás 21:30 horas, na Casa da Cultura de A Pastoriza, contará coas intervencións do responsable de UUAA en Galicia -Roberto García-. A clausura correrá a cargo do líder dos socialistas galegos -José Ramón Gómez Besteiro-.

Con esta iniciativa, que se enmarca dentro do programa de mesas sectoriais que a nova executiva provincial iniciou en xaneiro coa xornada sobre este mesmo asunto en Becerreá, tal e como indicou González Santín, os socialistas pretenden dar continuidade ao obxectivo de coñecer as fortalezas e debilidades dos principais sectores produtivos da provincia para deseñar un plan de traballo conxunto que permita impulsar a provincia socioeconomicamente. "É o momento de que os políticos baixen a rúa e sexan os transmisores dos cidadáns. Europa non é o problema, Europa é a solución", subraiou o secretario de Medio Rural.

E é que os criterios de reparto de fondos da nova PAC, decididos por vez primeira entre o Estado e as Comunidades, destacou o secretario provincial, "consolidan un modelo de dereitos históricos no que Galicia e, a provincia de Lugo, particularmente, saen notablemente prexudicadas"; unha discriminación que se refire exclusivamente, ao primeiro piar, que outorga as chamadas axudas directas ás explotacións e que absorbe o 80% do orzamento co que contará España no período 2014-2020. Segundo este contexto, a Terra Chá na que se atopa o 24,14% das explotacións da provincia beneficiarias destas axudas será unha das comarcas da provincia que máis se verán afectadas por este recorte orzamentario.

| CONCELLO      | Nº de Explotacións    |                        | Nº DE VACAS    |                |             | Nº outros Animais | TOTAL ANIMAIS | Vacas por explotación |
|---------------|-----------------------|------------------------|----------------|----------------|-------------|-------------------|---------------|-----------------------|
|               | Explotacións de vacún | Explotacións con vacas | Vacas de leite | Vacas de carne | Total vacas |                   |               |                       |
| ABADÍN        | 472                   | 439                    | 1.798          | 4.614          | 6.412       | 3.934             | 10.346        | 14,6                  |
| BEGONTE       | 179                   | 161                    | 1.030          | 733            | 1.763       | 1.125             | 2.888         | 11,0                  |
| CASTRO DE REI | 437                   | 376                    | 9.904          | 1.144          | 11.048      | 7.724             | 18.772        | 29,4                  |
| COSPEITO      | 441                   | 395                    | 7.890          | 1.026          | 8.916       | 7.473             | 16.389        | 22,6                  |
| GUITIRIZ      | 468                   | 432                    | 6.045          | 3.412          | 9.457       | 6.247             | 15.704        | 21,9                  |
| MURAS         | 193                   | 182                    | 0              | 3.377          | 3.377       | 2.424             | 5.801         | 18,6                  |
| PASTORIZA, A  | 529                   | 494                    | 11.477         | 2.422          | 13.899      | 9.272             | 23.171        | 28,1                  |
| VILALBA       | 910                   | 845                    | 3.890          | 6.245          | 10.135      | 6.704             | 16.839        | 12,0                  |
| XERMADE       | 257                   | 234                    | 2.885          | 1.806          | 4.691       | 3.110             | 7.801         | 20,0                  |
| TERRA CHÁ     | 3.886                 | 3.558                  | 44.919         | 24.779         | 69.698      | 48.013            | 117.711       | 19,59                 |
| LUGO          | 16.096                | 14.590                 | 146.958        | 116.257        | 263.215     | 182.728           | 445.943       | 18,04                 |
| COMARCA/LUGO  | 24,14%                | 24,39%                 | 30,57%         | 21,31%         | 26,48%      | 26,28%            | 26,40%        | 108,58%               |

Fonte UUA

### “Horizonte negro” para o sector lácteo

Por este motivo, os socialistas e Verónica Marcos coincidiron en sinalar que o novo modelo de reparto da nova PAC tamén augura “un horizonte negro” para o sector lácteo. Os criterios acordados polo Goberno e as Comunidades multiplicarán por tres o risco de *dumping* no leite, con prácticas comerciais agresivas doutros países para gañar mercado”.

Neste senso, subliñaron que os gandeiros de leite precisan moito máis que unha mellora de 30 millóns, a repartir en seis anos, para o toda España, cos que a Conselleira de dá por satisfeita, xa que “non deixan de ser unha gota nun océano”. Deste xeito, para os socialistas está totalmente fóra de lugar “o triunfalismo” manifestado pola titular de Medio Rural na defensa da negociación co Ministro de Agricultura, pois os gandeiros e agricultores galegos representan o 16% do total do Estado e só van percibir o 3% da PAC.

| Nº                      | PROVINCIA | CONCELLO      | Nº EXPLOTACIÓNS | COTA (Kg.)    | COTA MEDIA |
|-------------------------|-----------|---------------|-----------------|---------------|------------|
| 2                       | LUGO      | A PASTORIZA   | 320             | 91.050.456    | 284.533    |
| 5                       | LUGO      | ABADIN        | 130             | 13.265.677    | 102.044    |
| 13                      | LUGO      | BEGONTE       | 51              | 6.855.987     | 134.431    |
| 16                      | LUGO      | CASTRO DE REI | 267             | 76.206.336    | 285.417    |
| 19                      | LUGO      | COSPEITO      | 264             | 57.279.905    | 216.969    |
| 22                      | LUGO      | GUITIRIZ      | 193             | 39.426.550    | 204.283    |
| 53                      | LUGO      | VILALBA       | 176             | 25.692.024    | 145.977    |
| 54                      | LUGO      | XERMADE       | 83              | 20.864.705    | 251.382    |
| TERRA CHÁ               |           |               | 1.484           | 330.641.640   | 222.804    |
| TOTAL PROVINCIA DE LUGO |           |               | 5.136           | 1.090.786.576 | 212.381    |
| TOTAL GALICIA           |           |               | 12.587          | 2.359.599.371 | 187.463    |

|              |        |        |         |
|--------------|--------|--------|---------|
| COMARCA/LUGO | 28,89% | 30,31% | 104,91% |
|--------------|--------|--------|---------|

Fonte UUA

### **"Hai menos cartos a repartir"**

"Hai menos cartos a repartir", subliñou Santín, quen subliñou que "lamentamos a cegueira política que padece a Sra. Quintana e que lle impide recoñecer que as cifras reais dos fondos da PAC son un 13% inferiores aos do anterior exercicio", xa que España pasou de recibir 54.000 millóns de euros a 47.000 millóns. Neste contexto, engadiu, "resulta cómico que se compare a situación do sector primario galego co francés, cando este último está en plena reformulación normativa, na que se algo se prima é a gandeiría e a defensa dos produtores como un activo fundamental para a economía do país"; un modelo que prima as primeiras hectáreas para equilibrar as axudas que reciben as pequenas explotacións coas grandes, e que dirixe os fondos comunitarios aos verdadeiros profesionais en activo. En Francia repártense case 70.000 millóns de euros entre 370.000 perceptores, mentras que en España son 47.000 millóns entre 900.000 perceptores.

### **"A mala negociación do Goberno galego"**

O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) vén de publicar unha resolución na que se establecen as dotacións financeiras das axudas directas. Esta decisión, que xa foi comunicada ás Comunidades Autonómicas, establece unha redución lineal do valor dos dereitos de pagamento único e das axudas para compensar desvantaxes específicas aos produtores que manteña vacas nutrices, aos do vacún do leite, ovino e cabrún, así como as axudas para a mellora a súa calidade produtiva.

Os recortes anunciados para 2014, exercicio tomado como base para calcular o valor dos dereitos de 2015 a 2020, confirman "a mala negociación feita dende o Goberno galego para a aplicación da nova PAC", pois, ante a cidadanía, estas axudas aparecen agora deslexitimadas porque neste sistema permite en nada influen os ingresos que se teña doutras actividades sempre que se demostre unha factura do 20% dos ingresos agrarios para poder cobrar o 80% do ingresos en subvencións comunitarias". En definitiva, pódese ingresar 400.000 euros do fondos da PAC, xustificando tan só 40.000.

Por outra banda, só se esixen cinco hectáreas por vaca para acceder ás axudas, polo que se pode dar o caso de que en Galicia, onde a media das explotacións é de 15 hectáreas, un gandeiro con tres vacas poderá xustificar as subvencións mentras prexudica "ao veciño do lado", que ten unha alta produción gandeira.

### **Peticións de Unións Agrarias**

A coordinadora de Unións Agrarias insistiu en que "aínda se está a tempo de introducir modificacións, xa que a Consellería e o Ministerio teñen de prazo para facelo ata agosto". Por este motivo, Verónica Marcos subliña que a reforma debe ter en conta tres cuestións básicas: establecer o límite de axudas en 60.000 euros; primar as 25 primeiras hectáreas; e compensar a desaparición da cota láctea, que se fará efectiva en 2015.